

DOCUMENTACION PREINSCRICIÓN MÓDULOS

PERSOAS ADULTAS:

- Presentará unha solicitude (ANEXO V módulos grao medio e ANEXO VI, módulos grao superior) en cada centro autorizado, e relacionará por orde de preferencia os módulos que desexe cursar.
- A carga horaria non pode exceder as 960 horas lectivas anuais, sempre que se garanta a compatibilidade horaria ao 90%.
- **DOCUMENTACIÓN :**
 - DNI ou NIE(fotocopia cotexada)
 - Se cumpre os requisitos de acceso de titulación: Certificación oficial da titulación ou dos estudos requiridos para o acceso.
 - Para os que acceden por proba deben presentar **COPIA COMPULSADA DO CERTIFICADO DE SUPERACIÓN DA PROBA**. O mesmo para os que presenten acceso á Universidade para maiores de 25 anos.
 - Persoas discapacitadas o correspondente certificado de minusvalez, xunto co dictame técnico facultativo.
 - Deportistas de alto nivel, resolución personalizada da consellería competente.
 - Se o solicitante acredita experiencia laboral relacionada co ciclo formativo a cursar , presentará a seguinte documentación :

<ul style="list-style-type: none">● Certificación da Tesourería da Seguridade Social, en que conste a vida laboral, a categoría e o período de contratación.● Certificación da empresa, onde se especifique a duración do contrato, a categoría laboral, a actividade desenvolvida directamente relacionada co ciclo e período en que se realizou.● Traballadores por conta propia : Certificado de alta no imposto de actividades económicas.● Se o solicitante xa ten módulos superados, a correspondente certificación acreditativa.
--
- Titulación do estranxeiro deberá presentar volante de inscrición condicional

REQUISITOS DE ACCESO :

- **ACCESO A MODULOS PROFESIONAIS EN RÉXIME ADULTOS:**

1. Ter cumpridos 18 anos ou cumprilos no ano natural en que comeza o curso escolar.
2. EXCEPCIONALMENTE maiores de 16 anos (contrato laboral ou deportistas de alto rendemento).
3. Con caracter xeral os requisitos académicos son os mesmos que os do réxime ordinario (tanto en ciclos medios como en superiores).
4. Poderán acceder , sen cumpriren os requisitos académicos de acceso, aquelas persoas adultas que desexen cursar módulos profesionais incluídos en títulos e asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, sempre que teñan unha experiencia laboral equivalente ao traballo a tempo completo de dous anos nunha actividade laboral directamente relacionada co sector profesional do ciclo formativo que se desexe cursar **(SOLO PARA O CICLO MEDIO EMERXENCIAS SANITARIAS).**